

Campaña LXI 2020

PONTEVEDRA

MISIONEIRA : M^a Dolores (Lola) Pérez Carrasquilla

Relixiosa da Congregación Misioneras Fillas do Calvario.

Formación:

Estudios religiosos. Curso Bíblico en Jerusalén.

Diplomada en Enfermería. Matrona.

Cursos de enfermidades tropicais, VIH e SIDA.

Estudios de inglés e Tonga.

Presentación:

Levo desde 1982 en Zimbabue. Xa son 36 anos.

A miña experiencia en proxectos de desenvolvemento con Mans Unidas:

- Diocese de Hwange: Promoción da muller. Centro de costura.
- Hospital de Karyiangwe:

Electrificación do Hospital.

Servizo de lavandaría.

Construción de 4 casas para enfermeiras.

Centro de consultas para enfermos con VIH.

- Lukunguni Clinic: Mission de Sacred Heart. A Clínica foi construída por Mans Unidas, é a mellor Clínica Rural de todo o país.
- Pantano de Chezhou: de grandísima axuda para o mantemento de pozos, para o coidado das hortas e animais da poboación local.

Pueblo de Dios gravou este pantano en xuño de 2016.

O meu último proxecto con Mans Unidas foi SUNRISE CHILDREN'S HOME, BINGA, fogar para nenos orfos. Na actualidade son 16 nenos. O proxecto foi aprobado en 2012 e empezou a acoller os nenos en agosto de 2014. Aí vivín con dúas monxas máis que fan de nai-pai, eu fun a avoa .Chámanme “banene” , que é

o que significa na lingua Tonga. Fun feliz con meus nenos e nenas. Témolos de todas as idades, Nancely é a peque da familia.

Son nenos orfos con historias moi tristes; é moi doloroso que sendo tan pequenos xa teñan sufrido tanto.

A miña experiencia en proxectos de desenvolvemento con outra organizacións:

- NGO “AMIGOS DE ZIMBABWE”, España, construíu un galiñeiro con 100 galiñas e comida para 6 meses. En Sunrise Children’s Home, este proxecto foi de grande axuda para a alimentación dos orfos e para nós; tamén para sacar algo de diñeiro para manter o fogar. Ademais aos críos ensinabámoslles a coidar das galiñas.
- CHEZHOU. A mesma ONG reparou unha ponte rural que fora destruída ao rebentar o pantano. Tamén alambraron a zona de regadío e compráronnos un carro con dous bois para transportar a colleita.
- FOUNDATION LOLA’S KINDER. É un grupo de amigos alemáns da Igrexa luterana, fixeron esta fundación e construíron outra casa para poder acoller a máis nenos orfos. Tamén teñen apadriñados a algún dos nenos.

Desde 2018 estou residindo en España.